O Concello de Verín ofrece, gratuitamente, aos/ás nenos/as do municipio a posibilidade de participar nunha nova experiencia formativa e lúdica: cantar nun grupo con compañeiros/as da súa idade.

Para participar nesta actividade, que busca fomentar o interese pola música, os interesados deben cumprir os seguintes requisitos:

- Nacer nos anos 2002 ou 2003.
- Ter libres os venres das 19 ás 20 horas.
- E inscribirse ata o día 23 de outubro no Rexistro da Casa Consistorial de Verín.

Devandita actividade, desenvolvida na Casa da Música de Verín, iníciase o próximo 24 de outubro.